



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 13/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE XULLO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a vinte e seis de xullo de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA

Non asisten:

- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA.
- PAULA CASTENDA BLANCO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás quince horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: RECURSO DE REPOSICIÓN GRUPO POLÍTICO PP, REXISTRO DE ENTRADA Nº 3515 (DE DATA 26/06/2017), CONTRA ACORDO DO PLENO DO CONCELLO, DE DATA 26/05/2017, APROBANDO A MOCIÓN PRESENTADA POR D^a. BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL, CONCELEIRA NON ADSCRITA, DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DE IMPOSTOS MUNICIPAIS.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Expediente recurso de reposición grupo político PP, rexistro de entrada nº 3515 (de data 26/06/2017), contra acordo do pleno do concello, de data 26/05/2017, aprobando a moción presentada por D^a. Beatriz Martínez Candal, concelleira non adscrita, de modificación de ordenanzas fiscais reguladoras de impostos municipais.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas e Facenda.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que van a ratificar o resultado do acordo plenario do día 26 de maio.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que manifesta o mesmo que expuxeron no pleno celebrado fai uns minutos. Recorda que eles tiñan unha proposta no ano 2016 para intentar conxelar a suba do IBI durante toda a lexislatura. Naquel pleno non foi estimada polos votos en contra do PP e a abstención de UxO. O tentaron no 2017 para regular neste ano 2017 xa que semellaba que durante toda a lexislatura non era posible. En outubro de 2016 tampouco foi posible, non foi posible debater a urxencia da moción que foi votada en contra polo PP coa abstención de UxO. Reitera que a súa proposta é tecnicamente, xuridicamente, economicamente e socialmente viable. Cúmpranse os requisitos de tramitación, estase a instar ao Alcalde a que modifique as ordenanzas fiscais. Segundo os estudos económicos é viable, non supón un risco para o financiamento do Concello de Ordes. A teñen en riba da mesa para a súa estimación, todo o contrario o que estamos vendo é que vamos a acabar nos xulgados e o que vai a pasar mentres non se resolva, por que a xustiza vai lenta, á veciñanza seguirá a subirlle a contribución ano a ano cando poderíamos ter solucionada esta problemática se se estimase esa proposta. Esta todo practicamente dito a súa postura va a ser a abstención.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político PP, que sinala que contra o recurso do PP presentaron unhas alegacións que pasa a ler a continuación: “Silvia Marín Pereiro, Portavoz Municipal de Unión por Ordes (UxO), con enderezo a efectos de notificación en Rúa Campomaior, 4, baixo, 15680 Ordes (A Coruña), ante este Concello comparece e expón: Que tendo sido requiridos os concelleiros do grupo municipal ao que pertenzo para a evacuación de alegacións fronte aos recursos de reposición interpostos polos concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular contra acordos do Pleno da Corporación Municipal adoptados na sesión de 26 de maio de 2017, por medio do presente procedo a dar cumprimento ao citado trámite de audiencia, mediante a formulación da oposición aos recursos de reposición interpostos, con base nas seguintes alegacións: Alegacións: Primeira.- Oposición ao Recurso de Reposición interposto contra o acordo plenario de modificación de Ordenanzas Fiscais. Opoñémonos expresamente á estimación do recurso de reposición interposto contra o acordo de modificación de Ordenanzas Fiscais. En primeiro lugar, debemos lembrar que o procedemento de tramitación da aprobación ou modificación das ordenanzas fiscais atópase regulado nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFFLL), e en dito procedemento non existe reserva algunha de competencia en favor do Goberno Municipal en canto é Iniciativa para a proposición de acordos de aprobación ou modificación das ordenanzas fiscais. As mencións de carácter competencial que se realizan nos citados artigos residen sempre no Pleno a



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

competencia para a aprobación dos devanditos instrumentos normativos. Non se establece, por conseguinte, ningunha reserva competencial en favor do alcalde á hora de propor ao Pleno a adopción de acordos en canto as ordenanzas fiscais, como establece, por exemplo, a LRFFLL con respecto ao procedemento de elaboración ou modificación dos Orzamentos Municipais, polo que atendendo a unha interpretación sistemática do citado texto legal, a non existencia de dita reserva en favor do goberno permite a iniciativa dos corporativos do Pleno para propor modificacións normativas. Tentar aplicar o criterio establecido con respecto á iniciativa para a proposición do presupostos criterio competencial á iniciativa para a modificación de ordenanzas supón unha extensión interpretativa contraria ao ordenamento xurídico e que limita o dereito dos concelleiros á participación política amparado polo artigo 23 da Constitución Española. Esta interpretación é coherente co disposto no artigo 22. 2 d) de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), que fai residir no Pleno da Corporación Local a competencia para a aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas. A maior abundamento debemos lembrar que o Artigo 49 da LRBRL establece que a aprobación das ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento: a) Aprobación inicial polo Pleno. b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións. c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. Nada di, por conseguinte, o citado precepto sobre a existencia dunha reserva competencial en favor do Goberno para propor a modificación de ordenanzas ao Pleno, do que debemos concluír que calquera membro da Corporación podería realizar dita proposta ao Pleno, en exercicio das funcións inherentes ao seu dereito é participación política (art. 23 CE). E evidente que esta iniciativa dos corporativos a propor modificacións en ordenanzas locais precisaría que o proxecto sexa sometido a informe técnico, sendo a finalidade destes informes pronunciarse sobre a legalidade e a oportunidade da futura norma, de modo que se adopte a opción máis conforme aos intereses da comunidade local [arts. 20.1.c) , 32.2 , e 122.4.a) LRBRL], pero en ningún caso ese informe pode cuestionar a competencia dun corporativo para propor modificacións de ordenanzas ao Pleno, xa que esta resulta evidente. En conclusión: Nada impide que os membros dunha Corporación Local poidan propor a modificación dunha Ordenanza sempre que se respecte o procedemento legalmente establecido para a súa aprobación, ao que se fixo referencia, e o contido que debe conter a citada proposta de modificación, que como vén establecido no artigo 16 do TRLFFLL ao normar que “Os acordos de modificación de ditas ordenanzas deberán conter a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación”. Así se recoñeceu estrito sensu pola xurisprudencia (Tribunal Supremo, Sala Terceira, do Contencioso-administrativo, Sección 2ª, Sentenza de 27 Nov. 2014, Rec. 4520/2012; Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 1ª, Sentencia 1070/2012 de 8 Nov. 2012, Rec. 290/2012, entre outras). Finalmente, con respecto á cuestión relativa á posible afectación do equilibrio orzamentario coa modificación das ordenanzas fiscais, debemos lembrar que a modificación das ordenanzas non afecta os orzamentos en execución, senón aos do seguinte exercicio orzamentario, e caberá, por conseguinte, a adopción de medidas no apartado de gastos que permitan a compensación dunha previsible caída dos ingresos. A maiores, sorprende a esta parte a preocupación pola modificación orzamentaria que suporían estas medidas, cando no Concello de Ordes estamos a asistir a un abuso totalmente discrecional por parte do goberno municipal da figura da modificación de créditos (art. 172 e s.s. da LRFFLL), que está a incidir negativamente no principio de equilibrio orzamentario, como se comprobará no momento de aprobación da Conta Xeral do presente exercicio. Segunda.- Oposición ao Recurso de Reposición interposto contra o acordo plenario que aproba unha moción que propón os criterios de tramitación dos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

contratos menores. Opoñémonos á estimación do Recurso de Reposición interposto contra o acordo que aproba unha moción que propón os criterios de tramitación dos contratos menores. En primeiro lugar, incorre nun evidente erro o Recurso de Reposición, ao confundir a competencia para a adxudicación dos contratos menores, que residiría no órgano de contratación (Alcalde ou XGL), coa competencia para establecer os criterios normativos que rexen a tramitación dos contratos menores, que se regulan nas bases de execución do Orzamento Municipal, e cuxa aprobación, como é ben sabido, corresponde ao Pleno da Corporación, segundo establece o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. En segundo lugar, nada impide que nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais se establezan criterios que amplíen a concorrência e transparencia na tramitación dos contratos establecida na Lei de Contratos do Sector Público. De feito, na inmensa maioría das Bases de execución dos Orzamentos das Administracións Locais se establecen estes criterios de mellora da libre concorrência e a transparencia na contratación administrativa. En conclusión, feitas estas consideracións, debemos lembrar que as propostas contidas na moción deste Grupo Municipal son as que rixen nas Bases de Execución dos Orzamentos da Deputación Provincial da Coruña, entidade que non nos cabe ningunha dúbida que incluíu estes criterios na tramitación da contratación menor con pleno respecto á legalidade. Por todo o exposto, Solicito: Que tendo presentado este escrito, se sirva admitilo e, previos os trámites pertinentes, polo Pleno da Corporación Local se acorde desestimar os citados recursos de reposición”.

Polo Sr. Alcalde sinálase que unicamente utilizará unha quenda nas súas intervencións, preguntando se algún grupo desexa intervir nunha segunda quenda.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político PP, que sinala: Recurso de Reposición interposto contra o acordo plenario de 26 de maio de 2017, derivado da moción da concelleira non adscrita, Beatriz Martínez Candal, de modificación de Ordenanzas Fiscais para o exercicio 2018. Este Grupo Municipal discrepa abertamente das consideracións xurídicas expostas no recurso. A este respecto, debemos manifestar que se teñen realizado consultas xurídicas sobre esta cuestión que nos levan a xustificar a nosa oposición expresa a estimación do recurso de reposición interposto contra o acordo de modificación de Ordenanzas Fiscais, por varios motivos: 1º) En primeiro lugar, debemos lembrar que o procedemento de tramitación da aprobación ou modificación das ordenanzas fiscais atópase regulado nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFFLL), e en dito procedemento non existe reserva algunha de competencia en favor do Goberno Municipal en canto á iniciativa para a proposición de acordos de aprobación ou modificación das ordenanzas fiscais. As mencións de carácter competencial que se realizan nos citados artigos residencia sempre no Pleno a competencia para a aprobación destes instrumentos normativos. Non se establece, por conseguinte, ningunha reserva competencial en favor do alcalde á hora de propor ao Pleno a adopción de acordos en canto as ordenanzas fiscais, polo que atendendo a unha interpretación sistemática do citado texto legal, a non existencia de dita reserva en favor do goberno permite a iniciativa dos corporativos do Pleno para propor modificacións normativas. Tentar restrinxir a iniciativa plenaria para a modificación de ordenanzas supón unha extensión interpretativa contraria ao ordenamento xurídico e que limita o dereito dos concelleiros á participación política amparado polo artigo 23 da Constitución Española. Esta interpretación é coherente co disposto no artigo 22. 2 d) de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), que fai residir no Pleno da Corporación Local a competencia para a aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas. 2º) Debemos lembrar que o Artigo 49 da LRBRL establece que a



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

aprobación das ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento: a) Aprobación inicial polo Pleno. b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións. c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. Nada di, por conseguinte, o citado precepto sobra a existencia dunha reserva competencial en favor do Goberno para propor a modificación de ordenanzas ao Pleno, do que debemos concluír que calquera membro da Corporación podería realizar dita proposta ao Pleno, en exercicio das funcións inherentes ao seu dereito á participación política (art. 23 CE). É evidente que esta iniciativa dos corporativos a propor modificacións en ordenanzas locais precisa que o proxecto sexa sometido a informe técnico, sendo a finalidade destes informes pronunciarse sobre a legalidade e a oportunidade da futura norma, de modo que se adopte a opción máis conforme aos intereses da comunidade local [arts. 20.1.c) , 32.2 , a 122.4.a) LBRL], pero en ningún caso ese informe pode cuestionar a competencia dun corporativo para propor modificacións de ordenanzas ao Pleno, xa que esta resulta evidente. En conclusión: Nada impide que os membros dunha Corporación Local poidan propor a modificación dunha Ordenanza sempre que se respecta por un lado o procedemento legalmente establecido para a súa aprobación, ao que se fixo referencia, e, por outro, o contido- que debe conter a citada proposta de modificación, que ven establecido no artigo 16 do TRLFFLL ao normar que "Os acordos de modificación de ditas ordenanzas deberán conter a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación". Así se recoñeceu estrito sensu pola xurisprudencia (Tribunal Supremo, Sala Terceira, do Contencioso-administrativo, Sección 26, Sentenza de 27 Nov. 2014, Rec. 4520/2012; Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 1ª, Sentencia 1070/2012 de 8 Nov. 2012, Rec. 290/2012, entre outras). Finalmente, con respecto á cuestión relativa á posible afectación do equilibrio orzamentario coa modificación das ordenanzas fiscais, debemos lembrar que a modificación das ordenanzas non afecta aos orzamentos en execución, senón aos do seguinte exercicio orzamentario, e caberá, por conseguinte, a adopción de medidas no apartado de gastos que permitan a compensación dunha previsible caída dos ingresos. A maiores, sorprende a esta parte a preocupación pola modificación orzamentaria que suporían estas medidas, cando no Concello de Ordes estamos a asistir a un abuso totalmente discrecional por parte do goberno municipal da figura da modificación de créditos (art. 172 e s.s. da LRFFLL), que está a incidir negativamente no principio de equilibrio orzamentario. En definitiva, UxO defende, en razón das consideracións expostas, que o recurso debe ser desestimado polo Pleno da Corporación. Ao remate do segundo punto deste pleno entregaráselle copia a todos os compañeiros para que conste en acta.

Pecha as intervencións o Sr. Alcalde, que sinala que nesta única intervención vai a facer unha primeira análise política dos acordos obxecto de recurso, despois farei unha valoración xurídica a vista dos informes dos técnicos, que son tres informes, que teñen todos vostedes, e se reiterará no contido dos informes da Deputación de Badajoz e da Deputación da Coruña, que din totalmente o contrario do que vostede acaba de defender, tamén analizarei as alegacións presentadas no trámite de audiencia pola Sra. Marín Pereiro e intentarei responder tamén ao que foi agora a súa intervención. Como xa dixen en anteriores ocasións e non me cansarei de repetir cantas veces sexa necesario, os acordos do pleno do concello de data 26/05/2017, recorridos polo grupo político PP, non son máis que unha máis das actuacións que o grupo político UxO, coa colaboración da concelleira tráfuga Sra. Martínez Candal, están a desenvolver para poder impedir que o PP poida gobernar, poida executar o seu programa de goberno e poida revalidar o mandato nas próximas eleccións locais no ano 2019, en palabras dos concelleiros de UxO, que o



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

PP se consolide no goberno. O que se está a buscar por tanto é a ingobernabilidade deste concello. É curioso que este obxectivo que están a perseguir dende que se constituíu esta corporación local o día 3 de xullo de 2015, sexa ao mesmo tempo o argumento que os Srs. de UxO esgrimiron para proporlle ao BNG a necesidade de presentar unha moción de censura para evitar que prosperase a cuestión de confianza vinculada á aprobación inicial dos orzamentos municipais do ano 2017. Debemos preguntarnos entón, hai ingobernabilidade en Ordes, está o grupo político do PP a gobernar de forma irresponsable este concello, estase a actuar de forma que se prexudiquen os intereses dos veciños. Na miña opinión non. Se lle preguntan aos veciños de Ordes se como consecuencia de que o grupo de goberno minorase en dous concelleiros isto tivo consecuencias negativas para os veciños, este maioritariamente diranlles que non. Ninguén é imprescindible, todos somos reemprazables. Houbo dúas baixas voluntarias no goberno municipal, realizouse unha reorganización e o concello segue a funcionar con absoluta normalidade, coa mesma normalidade coa que se actuaba cando eramos sete, se ben os cinco concelleiros do grupo político PP tivemos que asumir unhas maiores responsabilidades dedicando un maior tempo a servir as necesidades dos veciños. Quero hoxe agradecer publicamente aos meus catro compañeiros o compromiso que mostran cos veciños, comigo e co programa político co que se comprometeron cando decidiron acompañarme na lista electoral que presentou o PP en Ordes nas pasadas eleccións locais. Debo recoñecer que dende que a Sra. Martínez Candal decidiu voluntariamente abandonarnos acabáronse os problemas de malos entendementos, todos temos claros o posto que ocupamos políticamente e as funcións que temos atribuídas e que nos corresponden, e traballamos unidos e con máximo respecto hacia os demais. E se como se dixo por activa e por pasiva no pleno anterior, se doce ou nove pensan distinto de cinco, eses cinco son os errados. Pois ben, se cinco pensan distinto de un, ese un é o que esta errado. E como estamos a falar de ingobernabilidade, permítame que e lles poña un exemplo de gobernabilidade. Convocatoria do IDAE de subvencións directas, os concellos que primeiro presentan telematicamente a documentación completa teñen dereito a axuda ata esgotar o crédito, para proxectos de entidades locais que reduzan a emisión de CO2. O concello de Ordes solicitou axudas para dous proxectos, as solicitudes conseguiron subirse á plataforma o meso martes 18 que se abriu o prazo de presentación, postos nº 28 e 41, un concello de arredor esta no posto 600, outro concello de arredor que tanto lles gusta por como exemplo de boa xestión o venres chamou para preguntar como se asinaba electrónicamente a solicitude. Cada un que saque as súas conclusións. Insiste unha vez máis exemplos de ingobernabilidade son non ser capaz de incluír o polígono de Pardiñas no Plan sectorial de áreas empresariais da comunidade autónoma de Galicia, non ser capaz de tramitar a modificación das normas subsidiarias de planeamento municipal para a delimitación dun novo sector de solo urbanizable, para aumentar a dotación de solo industrial, este expediente iniciouse no ano 2008 e nunca se foi capaz de rematar. Tamén non ser capaz de aprobar inicialmente o PXOM. Podería por outros exemplos de ingobernabilidade, pero que garden relación co obxecto deste pleno e co que direi máis adiante, indícolles de momento estes. A Sra. Martínez Candal na moción que presentou no pleno de 26 de maio de 2015 defendeu esta apoiándose na proposta do Presidente da Xunta de Galicia que propuxo aos concellos que desexen impulsar e facilitar a instalación de empresas, entre outras medidas, a supresión ou bonificación de tributos municipais. O que para o Sr. Feijoo é unha medida concreta cun obxectivo específico que é a instalación de empresas neste termo municipal, para a Sra. Martínez Candal é unha baixada xeneralizada de dous impostos para todos os veciños (IBI e IVTM). en veciños debemos incluír tamén multinacionais e grandes empresas do Ibex 35, ou sexa Itinere Infraestructuras, S.A. e Gas Natural Fenosa, S.A. Hoxe é un bo momento, e xa é a segunda vez que llo pido, para que nos explique que sementes de emprego, estabilidade, e prosperidade, van a traer estas empresas a Ordes con estas baixada que no IBI-BICES vostede e os concelleiros que votaron a favor da súa moción e que graciosamente



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

aprobaron con nove votos. O concello de Ordes non ten competencias directas en materia de emprego, en materia de industria, en materia de política económica, pero si que de forma indirecta pode influír na creación de emprego ou na creación de empresas. Existen impostos e taxas municipais que inciden directamente e teñen unha relevancia económica polo importe a pagar para instalación e creación de empresas moito máis importantes que o IBI, que son o ICIO e a taxa de licenzas de actividade e comunicacións previas. Estes tributos son dos que fala o Presidente Feijoo co proxecto Doing Business. A estes non se lles toca para nada. Púxose como exemplo de gobernabilidade ao concello de Cerceda e a súa política de solo industrial. Hoxe é un bo momento para que agora que a Sra. Martínez Candal ten unha relación de confianza e cercanía fluída lle pida ao Sr. Regos Boquete que lle explique a esta corporación por que non foi quen de sacar adiante o polígono de Pardiñas, por que non foi quen de incluír o polígono de Pardiñas no Plan sectorial de áreas empresariais da comunidade autónoma de Galicia. O que pasou co PXOM todos o sabemos. O obxectivo verdadeiro desta baixada de golpe de impostos é o que dixo o Sr. Vidal Ríos que el non pretendía coa súa proposta de baixada gradual, que é afogar economicamente ao concello, que non é máis que a outra cara da emenda do grupo político UxO de redución de partidas de gastos dos orzamentos municipais do ano 2017 por dicir que se trataba de gastos superfluos. O que se lles demostrou que non era certo. Unión por Ordes tamén apoiou esta moción co argumento do desemprego e axudar aos veciños diminuíndo a presión fiscal. Como xa dixen nun pleno anterior, este argumento para este grupo político é válido cando se está na oposición non cando se manda e hai que gastar para seguir no poder, entón subidas xeneralizadas de tributos aínda que haxa unha grave crise económica e unha grave situación de desemprego, remítese aos datos do ano 2012, que non ten nada que ver coa actual, por que aínda que estean a pechar empresas, as cifras globais de desemprego de Ordes están a mellorar. Remítese novamente aos datos positivos que defendeu no pleno da cuestión de confianza ou nos datos publicados de desemprego por El Correo Gallego a semana pasada. Trae os datos sacados no día de hoxe na web da Consellería de Emprego, número total de desempregados en xuño de 2015 en Ordes 921 persoas, en xuño de 2016 915 persoas, a pesar de que máis de duasetas persoas están desempregadas pola grave crise do sector téxtil en Ordes polo peche de dúas empresas, a día de hoxe a cifra de desempregados en Ordes é de 877 persoas. Non podo deixar de comentar esa proposta orixinal que defendeu a Sra. Marín de que a baixada de impostos sexa compensada polas aportacións da Xunta de Galicia, que non sexan os veciños os que teñan que financiar os servizos que deberían financiar outras administracións, por que non é de recibo que a maioría dos recursos do concello veñan dados polo gravames que pagan os seus residentes, é dicir por todos os que estamos aquí. Eu preguntolle, entón van a ser o resto dos galegos e cidadáns do resto de España os que van a ter que pagar os servizos dos veciños de Ordes. Van a ter que lle subir ao resto dos cidadáns os impostos para pagar os servizos dos veciños de Ordes. Se isto fose posible, non cree que o resto dos concellos quixerían facer o mesmo. Entón que tería que facer a Xunta ou a Administración do Estado subirlle os impostos a todos os galegos, por que alguén terá que pagar polos servizos que recibe, directa ou indirectamente. Rematada a análise política desta modificación de ordenanzas fiscais, vou a facer unha valoración xurídica da mesma. Os tres informes que os técnicos municipais fixeron sobre a moción da Sra. Martínez Candal, o que se redactou para o pleno de 26/05/2017, o que se redactou para o recurso do grupo político PP e o que se redactou para as alegacións da Sra. Marín Pereiro, que é o que din. Dúas cousas moi claras. Primeira que a través dunha moción non se pode acordar a modificación directa das ordenanzas fiscais, senón que esta modificación ten que axustarse a un procedemento, e que o único que se pode propor é instar, que non significa nin obrigar nin impoñer, ao alcalde a tramitar o expediente de modificación. Pero di unha segunda cousa moi importante, e que eu non vexo que ningunha das partes aquí implicadas rebatese nas súas intervencións, que é que dúas das modificacións de ordenanzas fiscais son



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

ilegais, por ser contrarias ao establecido na lei de facendas locais. A bonificación que se pretende introducir no IBI é ilegal, a modificación dos coeficientes de ponderación do IAE tamén é ilegal. a primeira por que establece unha bonificación xeral cando a lei fala de bonificacións singulares, os técnicos o explican moi claramente, ao contido do mesmo se remite. E a segunda, por que a lei non permite que se establezan uns coeficientes distintos. Gustaríame que me explicasen que vai a pasar no caso de que estas dúas modificacións entrasen en vigor e se empezasen a aplicar o 1 de xaneiro de 2018 con aquelas empresas as que se lle aprobe esta bonificación ou se lle apliquen estes coeficientes, cando estas modificacións sexan anuladas polos tribunais, que explicación queren que deamos dende o concello a unha empresa que decidiu instalarse en Ordes cando se lle anule esa bonificación. Que me van a dicir, que esta nas miñas mans no recorrelas, entón no concello de Ordes vamos a ter normas xurídicas que non se axustan á lei. Gustaríame que me expliquen se realmente consideran que estas dúas modificacións se axustan á lei de facendas locais. Sinto dicirillo pero non poden, non se axustan á lei. Vai a continuar facendo especial referencia ás alegacións presentadas pola Sra. Marín nunha oficiña de correos na cidade da Coruña. O primeiro que lle teño que dicir é que estas son reprodución exacta da intervención da Sra. Martínez Candal no pleno de 26/05/2017. Que pon isto de manifesto, dúas cousas, a primeira é que estas dúas concelleiras comparten o mesmo avogado ou asesor xurídico, o que pon tamén de manifesto é que a Sra. Martínez Candal aínda que se senta na bancada de concelleiros non adscritos é unha concelleira máis de UxO. A estética na política é moi importante, vexo que vostedes non lle dan importancia. Resulta un pouco curioso que a concelleira que presenta a moción non fai alegacións en defensa da mesma, e o grupo político que apoia o acordo, si, replicando a intervención da ponente da moción, non se engade nada novo. Creo que o avogado por estas alegacións non debería cobrarlles, non lle supuxeron ningún traballo a maiores do que lle supuxeron en maio de 2017. Segunda cousa que poñen de manifesto as alegacións, que a Sra. Marín non debeu ler as mesmas, as asinou e as presentou na oficiña de correos. Por que digo isto, por esta frase: a maiores sorprende a esta parte a preocupación pola modificación presupostaria que suporían estas medidas cando no concello de Ordes estamos asistindo a un abuso totalmente discrecional por parte da figura de modificacións de créditos artigo 172 e seguintes do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que está incidindo negativamente no principio do equilibrio presupostario como se comprobará no momento de aprobación da conta xeral do presente exercicio. Vou a darlle uns datos, ano 2013, 13 expedientes de transferencias de créditos, ano 2014, 16 transferencias de crédito, eses dous anos gobernos íntegros de UxO. ano 2015, goberno UxO-PP, 13 transferencias de crédito nuns orzamentos aprobados por UxO, das cales 7 foron aprobadas polo goberno de UxO en unicamente seis meses, teñen as actas da Xunta de goberno local, os informes do interventor das contas xerais, o poden comprobar. achacarlle agora un abuso ao goberno do PP é recoñecer ese abuso por UxO cando se gobernaba, por que UxO tamén tramitou numerosos expedientes de modificacións de créditos durante os seus anos de goberno, especialmente de transferencias de créditos, salvo que se nos vai a dicir que os que tramitou UxO non eran discrecionais. Os técnicos municipais explican en que consisten eses expedientes de modificación de créditos e cando se tramitan, e por tanto queda moi claro que non hai tal abuso, que non hai tal discrecionalidade. A maiores, tamén queda claro que os expedientes de modificación de créditos non inciden non equilibrio orzamentario por moito que se insista que así é, non hai que confundir conceptos, o informe llo explica moi claramente. Volvemos ao de sempre, descoñecemento da xestión municipal, incoherencia na actuación política, incoherencia nos argumentos, pura demagogia política. A maiores que poñen de manifesto estas alegacións, que realmente a UxO esta modificación lle da igual, lega ou ilegal, con sentido ou non, este grupo político no que esta é en conseguir a ingobernabilidade do concello de Ordes. O BNG no debate dos orzamentos para xustificar o incremento da partida de becas a deportistas do concello,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

cando o se lle dixo que a cantidade inicial que se propoñía era a que se consideraba suficiente suxeita á evolución do seu funcionamento, propuxo unha cantidade maior, dicindo que se despois non chegaba a executarse na súa totalidade podería tramitarse unha modificación de crédito, neste caso unha transferencia de crédito. Co que se esta a recoñecer que unha modificación de crédito é un acto máis da execución dos orzamentos municipais. Outra cousa é que o que realmente se quere dicir, que é o mesmo de sempre, que as modificacións dos orzamentos todas teñen que someterse ao acordo plenario. Entón o que lles teño que dicir que iso so vai acontecer cando sexa competencia do pleno a súa aprobación, nos restantes casos estes expedientes tramitaranse por acordo da Xunta de goberno local. Así o informan os técnicos municipais. As competencias do pleno, e isto quere que lle quede claro a todos por que é totalmente contrario a súa segunda intervención, son as que lle atribúe a lei de forma expresa, as do Alcalde todas as que non corresponden ao pleno. O pleno só é competente para a aprobación dos expedientes créditos extraordinarios e suplementos de crédito, e as transferencias entre os distintos grupos de función. Corresponde ao alcalde a aprobación de transferencias de crédito entre o mesmo grupo de función, xeracións de créditos e incorporacións de créditos, artigos 177, 179, 181 e 182 da Lei de facendas locais. Para rematar, a Comisión informativa de contas e facenda ditaminou de forma desfavorable a estimación da suspensión do acto recorrido, entendo por que é por que os concelleiros que votaron a favor deste ditame desfavorable consideran que non concorren as causas de nulidade do artigo 47 da Lei de procedemento administrativo, que é un dos supostos que esixe a lei para fundamentar esa suspensión, cando dos informes dos técnicos e dos que lle dei traslado a maiores é claro que o acordo adoptado polo pleno de modificación das ordenanzas fiscais infrinxe claramente o ordenamento xurídico, especialmente de forma clara e manifesta no que se refire ás bonificacións no IBI e coeficientes de ponderación no IAE. Son consciente visto o ditame da comisión informativa, visto o que votaron no anterior pleno e as súas intervencións que non van a rectificar o erro que cometeron o día 26/05/2017 e que pretenden forzar que o concello teña que interpoñer un recurso contencioso-administrativo coas consecuencias que elo pode supor para o concello, algo diso acaba de falar o compañeiro do BNG. Non lles queda máis remedio, se vostedes seguen nas súas ese recurso contencioso vaise a interpor. Non os vou a chamar á actuar con responsabilidade, a respectar a lei, non o van a facer. Nos pola contra si o vamos a facer, si actuaremos responsablemente. o grupo político popular vai a votar en contra da non aprobación do recurso de reposición presentado contra acordo do pleno do concello, de data 26/05/2017.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos a favor (6 grupo político UxO, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cinco votos en contra (grupo político PP), e coas abstencións (2 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición presentado polo grupo político PP, rexistro de entrada nº 3515 (de data 26/06/2017), contra acordo do pleno do concello, de data 26/05/2017, aprobando a moción presentada por D^a. Beatriz Martínez Candal, concelleira non adscrita, de modificación de ordenanzas fiscais reguladoras de impostos municipais.

PUNTO SEGUNDO: RECURSO DE REPOSICIÓN GRUPO POLÍTICO PP, REXISTRO DE ENTRADA Nº 3515 (DE DATA 26/06/2017), CONTRA ACORDO DO PLENO DO CONCELLO, DE DATA 26/05/2017, APROBANDO A MOCIÓN GRUPO



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

POLÍTICO UXO, MEDIDAS DE MELLORA DA TRANSPARENCIA NA CONTRATACIÓN MENOR NO CONCELLO DE ORDES.

Expediente recurso de reposición grupo político PP, rexistro de entrada nº 3515 (de data 26/06/2017), contra acordo do pleno do concello, de data 26/05/2017, aprobando a moción grupo político UxO, medidas de mellora da transparencia na contratación menor no concello de Ordes.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas e Facenda.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que van a volver a ratificar o seu voto.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que reitera o que dixo no anterior pleno fai uns minutos. Con respecto ao sistema de contratación no 2015 xa trouxeron unha proposta instando ao goberno municipal a que abandonase o abuso do procedemento negociado sen publicidade, por razón da contía, polo que se selecciona a tres empresas a dedo invitándoas a ofertar a unhas determinadas obras ou servizos, logo a mellor das tres ofertas é a que resulta adxudicataria dese contrato. Sempre defenderon que en lugar dese sistema de contratación deberíase empregar o procedemento aberto ou concurso público, onde todas as empresas teñen a oportunidade de presentar unha oferta ou concorrer á licitación. En relación cos contratos menores o que defende o BNG é que se aplique a lexislación vixente por que senón o que faría é que contratación moi menor alongaríase en exceso paralizano a actividade municipal. Todo o que non sexa contrato menor entenden que debe ser por procedemento aberto. Isto é o que presentaron no 2015 e o que en coherencia seguen a defender no día de hoxe. Se chegan ao goberno no 2019 o que non queren que pasen é que digan na oposición unha cousa e no goberno fagan outra, que o que lles pasa tanto ao PP como a UxO. Con respecto a gobernabilidade non van a entrar aí, pero con respecto ás medidas de goberno que se están a aplicar non son as que se vendían en campaña electoral, hai unha auditoría económica que está sen realizar, a baixada do 10% do IBI que non se efectuou ou non se quixo, este grupo municipal realizou varias propostas para tentalo e non se quixo, todas as adxudicacións que se realizarían mediante concurso público non se están a realizar, Ordes está a perder poboación dende que chegaron ao poder, o catastrazo que solicitaron en agosto de 2015, pago de 109.000 euros en facturas sen xustificar da anterior lexislatura que non foron fiscalizados pola intervención municipal, a pista de xeo cun gasto de 21.000 euros, cobrando 17.000 en entradas e pagándolle o gasto do carburador. Non están de acordo coa política que está a levar a cabo o goberno municipal e tentarán a través de propostas e do seu traballo municipal, conseguir que no ano 2019 Ordes teña un goberno de cambio, que precisa, que leva demandando durante todos estes anos.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político PP, que sinala que non vai entrar nas descualificacións que vostede nos ten acostumados sobre a súa capacidade, o se lee as alegacións. Efectivamente ela as alegacións as fai un avogado, co que vostede está sempre moi preocupado. Vostede cando estaba na oposición supoño que tamén se entendía cos demais compañeiros de corporación. O noso avogado é o que asina as nosas alegacións, e o que asina



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

tamén este escrito que vou a presentar e para que conste en acta o seu nome de colexiado é o 4193 do Colexio de Avogados de A Coruña. Pódense compartir avogado ou non, esa é unha cuestión que a vostede non lle interesa, parece máis un pouco de cotilleo de vostede que de persoa sería que é o que deberíamos estar a tratar aquí neste pleno. Xa dixó nas súas intervencións no pleno que pensa que eles non cometen ningunha ilegalidade, que están amparados pola lei, que teñen uns informes xurídicos neste e no anterior pleno. O avogado ao que fixen mención así nolo ratificou, entón entendemos que non cometemos ningunha ilegalidade. Iso xa o dixen antes, vostede non o soubo quitar do seu argumentario por que xa o dixó na súa intervención anterior. Deixe de compararse con nos, o caso é que nos o fixemos moi mal cando vostede estaba na oposición, non o faga vostede igual, fágao distinto, e o que dixó o voceiro do BNG faga o que prometeu, nin máis nin menos, por que esta a facer igual de mal ou peor que nos, que xa é dicir, por que nos seríamos malos pero é que vostede nos gaña. Vai a dar lectura ás alegacións, que como dixó non as fixo ela pero que si as leu, as subliñou, se despois quere pasarlle nota, despois ensínalle as anotacións, as fixo o avogado 4193 do Colexio de Avogado de A Coruña, vai a recordarllo para que o teña sempre en mente e non sirva de cotilleo para vostede. Alegacións: “Segunda.- Oposición ao Recurso de Reposición interposto contra o acordo plenario que aproba unha moción que propón os criterios de tramitación dos contratos menores. Opoñémonos á estimación do Recurso de Reposición interposto contra o acordo que aproba unha moción que propón os criterios de tramitación dos contratos menores. En primeiro lugar, incorre nun evidente erro o Recurso de Reposición, ao confundir a competencia para a adjudicación dos contratos menores, que residiría no órgano de contratación (Alcalde ou XGL), coa competencia para establecer os criterios normativos que rexen a tramitación dos contratos menores, que se regulan nas bases de execución do Orzamento Municipal, e cuxa aprobación, como é ben sabido, corresponde ao Pleno da Corporación, segundo establece o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. En segundo lugar, nada impide que nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais se establezan criterios que amplíen a concorrência e transparencia na tramitación dos contratos establecida na Lei de Contratos do Sector Público. De feito, na inmensa maioría das Bases de execución dos Orzamentos das Administracións Locais se establecen estes criterios de mellora da libre concorrência e a transparencia na contratación administrativa. En conclusión, feitas estas consideracións, debemos lembrar que as propostas contidas na moción deste Grupo Municipal son as que rexen nas Bases de Execución dos Orzamentos da Deputación Provincial da Coruña, entidade que non nos cabe ningunha dúbida que incluíu estes criterios na tramitación da contratación menor con pleno respecto á legalidade. Por todo o exposto, Solicito: Que tendo presentado este escrito, se sirva admitilo e, previos os trámites pertinentes, polo Pleno da Corporación Local se acorde desestimar os citados recursos de reposición”. Non sabe se isto ten tanta importancia para vostede, se as rexistrou en Lugo, Ourense ou a Coruña, pero si foi na Coruña. Con respecto a este segundo recurso tamén quere dicir: “B) Recurso de Reposición interposto contra o acordo plenario de 26 de maio de 2017, derivado da moción dos concelleiros do Grupo Municipal de Unión por Ordes (Ux0), sobre a mellora da transparencia na tramitación administrativa dos contratos menores. Este Grupo Municipal discrepa abertamente das consideracións xurídicas expostas no recurso. A este respecto, debemos manifestar que se teñen realizado consultas xurídicas sobre esta cuestión que nos levan a xustificar a nosa oposición expresa á estimación do recurso de reposición interposto contra o acordo de modificación de Ordenanzas Fiscais, por varios motivos: 1º) En primeiro lugar, incorre nun evidente erro o Recurso de Reposición, ao confundir a competencia para a adjudicación dos contratos menores, que residiría no órgano de contratación (Alcalde ou XGL), coa competencia para establecer os criterios normativos que rexen a tramitación dos contratos menores, que se regulan nas bases de execución do Orzamento Municipal, e cuxa aprobación, como é ben sabido, corresponde ao Pleno da Corporación, segundo establece o Texto Refundido



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

da Lei de Facendas Locais. A proposta para iniciar a tramitación dunha modificación das Bases de Execución dos Orzamentos, de acordo coa xurisprudencia, sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 17 de xaneiro de 2013 (rec.4221/2009), non é exclusiva da Alcaldía, tal e como se explica no FX1º desta sentenza, que literalmente manifesta: <<Que cada Concello a través das bases de execución regula a distribución da dita competencia plenaria. A aprobación do orzamento é competencia do pleno, así como o seu rexeitamento e emenda (artigo 168 da LRHL). E a modificación das súas bases é igualmente competencia do pleno (artigo 22.2 da Lei 7/1985), sen que se limiten estas competencias en precepto legal algún específico en materia orzamentaria (...) A consecuencia, é que a propia lei a que, con certos atribúe ao pleno a competencia non só para a aprobación do orzamentos senón para a súa modificación, así como das bases de execución do mesmo, incluída a redistribución de competencias (...) polo que ha de entenderse que unha vez aprobado o orzamento, o Pleno si que ten competencia para modificalo, dentro do respecto aos límites legais, así como para modificar as bases de execución, non sendo a iniciativa para a modificación das bases unha competencia exclusiva da Alcaldía; e que procede a desestimación da demanda.>>. En definitiva, resulta indiscutible que a iniciativa para a modificación das bases de execución dos Orzamentos, que sería o trámite procedimental co que se daría cumprimento a estas propostas sobre a tramitación dos contratos menores, non é competencia exclusiva da Alcaldía, senón que tamén é de competencia plenaria. 2º) En segundo lugar, nada impide que nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais se establezan criterios que amplíen a concorrència e transparencia na tramitación dos contratos establecida na Lei de Contratos do Sector Público. De feito, na inmensa maioría das Bases de execución dos Ornamentos das Administracións Locais se establecen estes criterios de mellora da libre concorrència e a transparencia na contratación administrativa. Feitas estas consideracións, debernos lembrar que a proposta aprobada polo Pleno Municipal de Ordes, en canto á tramitación dos contratos menores, son as que rexen nas Bases de Execución dos Orzamentos da Deputación Provincial da Coruña, entidade que incluíu estes criterios na tramitación da contratación menor con pleno respecto á legalidade. En conclusión: o recurso pretende unha limitación inaceptable das competencias plenarias, que suporía unha clara vulneración do dereito á participación política dos membros da Corporación Municipal de Ordes (art. 23 CE), polo que debe ser desestimado”. Procede a darlles unha copia para que se incorpore polo Sr. Secretario este documento de maneira literal, para que se vexa que é unha proposta razoada e que ten unha motivación de carácter xurídico.

Pecha as intervencións o Sr. Alcalde, que sinala que se segue a defender o que se incluíu nas alegacións e que se defendeu no pleno de 26/05/2017 e que ten que rebater.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que o escrito do que fixo entrega a Sra. Marín Pereiro está sen asinar.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que está sen asinar pero quere que conste en acta cal é o número de colexiado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala con respecto ás súas intervencións, a referencia que fixo ao comezo. Cree que lle debe permitir como el lle permite a ela dicir o que queira, como queira ou da maneira que queira, se considera que a ofende nalgún momento faga o que vostede teña en consideración para defender a súa honra, coida que non o fai, ao mellor o seu modo non é o que a ela lle gusta. Dende hai uns meses para esta parte a tensión política é importante.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que cando varias persoas como era a compañeira do PSOE, eu neste caso e a compañeira a Sra. Martínez Candal pensamos o mesmo ao mellor vostede tamén esta errado na súa consideración de que nos falta ao respecto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa lle digo que se continúa nese posicionamento vai onde teña que ir, está lexitimado para preguntar e dicir o que queira. E senón digámolo claro aquí ao pleno hai que vir chorados da casa e deixémonos de tanta tontería. O pleno do concello de data 26/05/2017 cos votos a favor dos concelleiros do grupo político UxO, PSOE e concelleiros non adscritos amparándose na competencia para a aprobación das bases de execución do orzamento municipal, acordou fixar os criterios para a tramitación dos expedientes de contratos menores. Acordo que se adoptou en contra do informe do Sr. Secretario do concello que dicía que o pleno non era competente para adopción deste acordo e por tanto que este era nulo de pleno dereito por infrinxir as normas que regulan a contratación administrativa e ser contrario ao principio de competencia administrativa. Como xa adiantei nese pleno o órgano competente para a tramitación e adxudicación dos contratos menores era a Xunta de Goberno Local por delegación do alcalde-presidente, órgano que non ía a cumprir eses criterios. Así na Xunta de goberno local, de 02/06/2017, acordouse que a tramitación administrativa e adxudicación dos contratos menores axustaríase única e exclusivamente ao establecido nos arts. 138.3 e 111 do R.D. Legislativo 3/2011, de 14 de novembro. Os invito a que recorran ese acordo se consideran que é ilegal. O grupo de goberno unha vez que a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo anterior podía ter ignorado e non cumprir o acordo do pleno do concello de 26/05/2017 e limitarse a escoitar como os grupos políticos que o adoptaron esixisen o seu cumprimento, así como a criticar que non se estaban a cumprir os acordos do pleno. O grupo de goberno considerou que aínda que este acordo unicamente ten un contido xurídico e non vai a afectar ao funcionamento do concello, dos servizos municipais ou aos intereses xerais dos veciños de Ordes, debe ser anulado non solo por ser ilegal, por ser contrario ás normas que regulan a organización municipal, as competencias dos órganos de goberno municipal e ás normas de contratación administrativas. Todo o contrario do que vostede defendeu fai un momentíño. senón por que a mensaxe que estes nove concelleiros que votaron a favor deste acordo queren lanzar é que agora gobernan eles e por tanto fan a facer o que lles dea a gana. Expresión que utilizou a Sra. Marín cando manifestou a súa opinión do que pensaba facer o Sr. Alcalde se conseguía aprobar os orzamentos municipais. Como sempre criticamos nos demais aquilo que se fai, como cando fala do abuso no uso discrecional dos expedientes de modificacións de créditos. O grupo de goberno quere dicirlles que están equivocados, nove concelleiros da oposición non van a gobernar este concello. Isto non funciona así. A constitución española no seu artigo 1, o primeiro artigo da primeira e fundamental norma xurídica deste país, di: España se constitúe nun estado social e democrático de dereito. E o seu artigo 9 di, os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á constitución e ao resto do ordenamento xurídico. Este conxunto de concelleiros pensan que os votos, que ser unha maioría de concelleiros que lles permite gañar as votacións no pleno tamén lles permite adoptar calquera acordo por que como din non pleno e onde deben tomarse todas as decisións. Con esta forma de pensar estase a facer primar o carácter democrático do estado español sobre o carácter de estado de dereito, iso é o que están a facer. Señores teño que corrixilos, a democracia, os votos, hai que exercelos dentro do ordenamento xurídico. En caso contrario é que non entendemos nada. Se a democracia non se exerce dentro da lei entón non é democracia, é outra cousa. O Sr. Secretario no seu informe lles indica que as competencias do pleno son única e exclusivamente as que lles atribúe unha lei, e que as competencias do alcalde, que xa llo dixó antes, polo contrario son non so todas aquelas que lle atribúe a lei, senón tamén todas aquelas outras que non corresponden ao pleno por que non hai unha lei que de forma expresa o diga así. Polo tanto cando non hai lei que



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

permite ao pleno o exercicio dunha competencia, a adopción dun acordo plenario, a competencia é sempre, repito sempre, do alcalde ou da Xunta de goberno local por delegación deste. Isto é o que veñen a dicir os artigos 21 e 22 da lei de bases de réxime local. Lei de aplicación en todo o territorio do estao español, en Ordes tamén. Tendo en conta o anterior, pregúntolles cal é a lei que di que o pleno ten competencia para a regulación da tramitación dos contratos menores. Se a saben os invito a que o digan hoxe aquí. E non vale con dicir que non hai ningunha norma que impida adoptar o acordo obxecto de recurso, por que entón non se está a entender o que acabo de explicar no párrafo anterior e que seguen a defender cos seus informes. Repito todo o que non corresponde de forma expresa ao pleno corresponde sempre ao Alcalde. A Sra. Marín nas alegacións que presentou no trámite de audiencia volve a repetir como argumento principal que xustifica a moción que presentaron no pleno de 26/05/2017, que xustifica o acordo adoptado e que xustifica a oposición ao recurso presentado polos concelleiros do grupo político PP, a competencia do pleno para a aprobación das bases de execución do orzamento e que por tanto nesta bases pode incluírse a regulación dos criterios de tramitación dos contratos menores. Vendo o contido das alegacións, eu creo que vostede chegou ante o seu avogado, asinou os papeis que este lle entregou, meteunas nun sobre e as entregou na sucursal de correos da Coruña, e sinceramente creo que nos as leu e case me atrevo a dicir que non as asinou. por que de telas lido, se eu fose vostede, eu houbéralle preguntado por que se volvía a dicir o mesmo que vostede xa dixera no pleno e que o secretario lle tiña corrixido, e que non pleno de hoxe se lle ía volver a informar polo técnico o mesmo e que eu agora lle digo, debilitando a súa intervención ante este grupo de goberno para defender o acordo plenario. Creo que vir a defender aquí novamente algo que o técnico lles informa que non se axusta á lei e que non traian outra argumentación isto non é serio e seguen a manter a mesma argumentación. Sabe a maiores o que tamén penso, que a vostedes novamente lles da igual, veñen a cumprir o trámite, votar en contra e o goberno se quere que recorra, e reflexar que vostedes mandan, que vostedes deciden, e facer todo o posible para que este concello sexa ingobernable. E así actúan co mesmo fondo nas baixadas xeneralizadas de impostos, que votaron no punto anterior e nas que se reafirmaron. A Sra. Marín sempre que ten a ocasión me recorda que eu non seguí o informe do secretario no punto do pleno de organización sobre a designación dos membros dos órganos colexiados nos que participa o concello, insiste en que el tiña un informe xurídico que avalaba as súas designacións como alcalde e a maiores déuselle cumprimento aos acordos que vostedes adoptaron. Eu non vexo que hoxe a Sra. Marín vai a seguir o criterio do técnico, e máis vostede no pleno de 26/05/2016 díxolle ao técnico que incorría nun erro ao confundir a competencia para a adxudicación dos contratos menores coa competencia para establecer os criterios normativos que rexen a tramitación dos contratos menores que se regula nas bases de execución do orzamento municipal. Insiste que a que incorre non erro é vostede e os que votan con vostede ao pensar que adxudicar un contrato administrativo, calquera contrato administrativo unicamente é decidir o empresario ao que se lle encarga unha obra, un servizo ou un subministro. Non é así, a competencia para adxudicar un contrato inclúe tamén tramitar o expediente de contratación, así como a elección do procedemento de contratación. Como di o técnico a fixación dos criterios normativos de tramitación dos contratos menores forma parte da competencia de contratación. Non lle son dúas competencias separadas ou distintas. Por tanto eu creo que os errados son vostedes e o seu avogado. A Sra. Marín despois nas súas alegacións fala de que noutros concellos as bases de execución inclúen este mesmos criterios normativos, non dixo ningún deses concellos, que así o fai a propia Deputación Provincial, cuxa tramitación se fixo con pleno respecto á legalidade. O Sr. Secretario xa lles informou non pleno dos orzamentos en relación coa emenda de modificación das bases de execución, que esa regulación a través das bases de execución so a pode establecer o Alcalde, e que na Deputación Provincial foi así como se fixo, foi o presidente o que a través das bases de execución decidiu introducir



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

esas normas, vostede considera que si iso non fose así os asesores xurídicos da Deputación da Coruña podían facer un informe en contrario para que eu llo puidese presentar no concello de Ordes. Equivócanse novamente. Reitero a competencia para a tramitación dos expedientes de contratos menores é do alcalde que é o órgano de contratación. Para rematar, creo que esta bastante claro que o acordo que se adoptou non se adapta ao ordenamento xurídico, que este é nulo de pleno dereito por falta de competencia do pleno para a súa adopción, polo que o grupo de goberno considera que este debe ser anulado. Ao igual que no punto anterior son consciente visto o ditame da comisión informativa, as votacións e as súas intervencións ningún de vostedes vai a rectificar o erro que cometeron o día 26/05/2017 e que pretenden forzar que o concello teña que interpoñer igualmente outro recurso contencioso-administrativo. Como tamén dixen anteriormente non os vou a chamar á actuar con responsabilidade, a respectar a lei, xa sabe por que xa o viu que non o van a facer. o grupo político popular vai a votar en contra da non aprobación do recurso de reposición interposto contra o acordo do pleno do concello, de data 26/05/2017.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos a favor (6 grupo político UxO, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cinco votos en contra (grupo político PP), e coas abstencións (2 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición presentado polo grupo político PP, rexistro de entrada nº 3515 (de data 26/06/2017), contra acordo do pleno do concello, de data 26/05/2017, aprobando a moción grupo político UxO, medidas de mellora da transparencia na contratación menor no concello de Ordes.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás dezaseis horas e vinte e seis minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO